



**Mércores 7 de novembro, ás 17:30 horas: Presentación do conferenciante D. Steve Walters, asesor de medio ambiente do British Council, que disertará sobre a campaña “ZeroCarbonCity: Reaccionando ao Cambio Climático”.**

BOAS TARDES:

D.<sup>a</sup> Belén Fortea,

D.<sup>a</sup> Ángeles López,

D. Steve Walters

Sras. e Sres. Deputados,

Profesorado e alumnado,

Señoras e Señores

Primeiramente agradecer a presenza hoxe aquí do esperto en Cambio Climático, o profesor D. Steve Walters, procedente de Manchester, e membro asesor de medio ambiente e educación científica do British Council.

E agradecer a boa disposición e esforzos realizados pola organización British Council, que gustosa e desinteresadamente prestou ao Parlamento de Galicia os recursos desta campaña.

O marco desta conferencia é o de dar a coñecer información sobre o Cambio Climático e contribuír na formación dos alumnos que participan no Master de Enerxías Renovables e Sostibilidade que patrocina o Parlamento de Galicia conxuntamente coa Universidade de Santiago de Compostela.

Dicir sobre a conferencia que a continuación se vai a expoñer, que forma parte das actividades que o British Council está a realizar en diversas lugares do mundo, co propósito de informar e sensibilizar aos cidadáns dos pasos a dar para frear os efectos do cambio climático, por medio da súa campaña “ZeroCarbonCity: Reaccionando ao Cambio Climático” e a súa exposición fotográfica.

Reaccionando ao Cambio Climático é precisamente o propósito firme do Parlamento de Galicia.

Como Presidenta desta Cámara, máis tamén como cidadán, non quero deixar de aproveitar a importancia que ten unha institución como o Parlamento, para transmitir ideas e valores sociais que deben contar coa máxima implicación de todos.

Hoxe, as evidencias comezan a ser moi firmes e determinantes, e todo apunta a que coa subida precipitada de temperaturas ao ritmo actual, estamos labrando un panorama de forte incerteza e inseguridade para as próximas décadas.

Non só para a saúde do Planeta, senón tamén para o desenvolvemento das actividades produtivas e económicas, e a convivencia do home sobre a terra.

Onte mesmo, o Goberno de España, veu de aprobar a Estratexia Española de Cambio Climático e Enerxía Limpa 2007-2012-2020.



Recolle un amplo paquete de medidas encamiñadas á redución das emisións de CO<sub>2</sub>, a aposta pola eficiencia enerxética e as enerxías renovables, e o impulso á innovación e tecnoloxías de baixas emisións de dióxido de carbono.

O Parlamento de Galicia adoptou neste sentido a súa propia estratexia e que incorpora, no seu Plan de Optimización Enerxética, que estes días cumpre un ano, medidas que precisamente impulsan o uso da eficiencia enerxética e das enerxías renovables.

Hoxe temos un Parlamento pioneiro na divulgación de solucións ante o cambio climático, e no aforro enerxético e uso das enerxías limpas.

A cifra de 16 millóns de páxinas de papel aforradas ao ano neste Parlamento, probablemente, é a referencia máis ilustrativa do que pode supor unha pequena contribución a prol do uso racional dos recursos.

Dende agosto contamos cunha instalación solar térmica que permite obter auga quente sanitaria a 60° C grazas a contribución do sol.

A enerxía necesaria para a iluminación exterior do edificio é aportada polos paneis solares instalados na marquesiña de entrada ao edificio.

A colocación de detectores de presenza e lámpadas de baixo consumo en diferentes estancias do edificio, está a reducir en máis dun 75% o consumo eléctrico existente anteriormente nesas áreas.

Fon substituídas todas as billas de auga existentes por outras que reduciron o consumo da auga nun 30%.

A Educación Ambiental tamén conta cun apartado destacado, xa que o Parlamento Galego puxo en marcha un programa de Educación Ambiental para os escolares que visitan a Cámara, e que teñen a posibilidade de realizar obradoiros de papel reciclado, ou de visitar o xardín autóctono onde aprenden a valorar a importancia da conservación da nosa biodiversidade.

A formación en materia de sostibilidade enerxética é outro dos obxectivos do Plan de Optimización Enerxética do Parlamento de Galicia, motivo polo cal puxemos en marcha en colaboración coa Universidade de Santiago o Master de Enerxías Renovables e Sostibilidade Enerxética.

É fundamental a formación de profesionais en materia de tecnoloxía e na exploración e fomento da innovación coma unha das claves para aportar solucións na limitación e redución dos gases de efecto invernadoiro.

Novamente quero agradecer a presenza a todos os asistentes, e agardando que as pequenas contribucións a prol do aforro e eficiencia enerxética converxan todas nun compromiso común da cidadanía para garantir a saúde ambiental do presente e futuro do noso Planeta.